

Por conto alleo

CAMILO FRANCO



© Camilo Franco

Edita **Vieiros**

Produce **Acordar**

Este libro é unha iniciativa literaria de Camilo Franco e de Vieiros, a partir de parellas de palabras fornecidas polos internautas durante 50 xornadas. Publícase agora por xunto, o 17 de maio do ano 2000, para o pracer de todos.

Por conto alleo

CAMILO FRANCO

E

sto non é un libro de autor. Haberá quen rife aínda máis coa obviedade para insistir que esto non é un libro, pero a realidade é cabezuda e porá a cada quen no lugar que está pedindo a berros. Este é un libro con case tantas mans como palabras, construído dende unha intención curiosamente participativa e sen ánimo de que o resultado represente, nin moito nin pouco, o nome que aparece na portada. Como é un libro pouco obxectual, indiferente ás cuestións dos espacios e dos bosques, podería pensar alguén que é místico ou dado ás cousas do espírito, pero non. Lonxe de desvear se internet é o terceiro segredo de Fátima, *Por conto alleo* é o resultado dun experimento irónico sobre o papel dos escritores e divertido sobre o papel dos lectores. Roles inamovibles dende os séculos

dos séculos e que haberán de cambiar algo para este milenio que estreamos e no que, para ben e para mal, todo o mundo anda a pedir máis participación en todo.

Afortunadamente, este é un libro sen inspiración autoral. O escritor renunciou a esa pose definitiva das musas e aceptou que a literatura é outro tanto que a vida, pero contado doutra forma. Por esa mesma ecuación, calquera sabe que a vida anda máis preto dos lectores que dos escritores e o resto non é máis que deixar que os lectores propoñan algo e que o escritor acometa o seu oficio: contar. Os lectores propoñen, o escritor dispón e a rede permite que todo sexa máis ou menos inmediato, a favor da frescura e de certa urxencia vital que existe e que a literatura esquece frecuentemente se atendemos os seus métodos. Os tempos están cambiando e cada vez haberá menos torres de marfil nos horizontes literarios.

Este é un libro sin lugar nos andeis, pero quedaremos cando novos que o importante dos libros eran as palabras. Palabras hai neste libro e unha boa parte delas proceden directamente dos lectores que, como sostiña Borges, son os únicos autores posibles.

1

Flor de sal

suor
xoio



suor era o primeiro síntoma que lle viña. Agromáballo nos poros anunciando o vagado e o mundo cambiáballo de cara. Sentía as mans molladas dos charcos infantís: húmidas para meter nos petos, húmidas para entregar. Algunhas mañás sentía o mareo e as campás do sábado de gloria asubiaban no oído simpáticas melodías. Era só o comezo dunha tormenta na que a vida se lle rebelaba en auga. Logo subía o cheiro coa confirmación animal e vencíalle as poucas paciencias restantes. Botaba a andar entre a xente por ver se o movemento disimulaba o fedor mentres as extremidades porfiaban contra a roupa. Levaba unha vida cultural pobre: non ía ás presentacións de libros, nin ás conferencias sabatinas, non acudía ós concertos, nin se permitía o luxo de ir ó teatro. Evitaba tamén esperar a que os semáforos trocasen a verde: medo do ridículo a que alguén con nariz fino o percibise. Sentíase diferente,

como o xoio entre o trigo, máis malo que inútil, máis perdido que inocente. Camiñaba mentres o suor abría regos mínimos e o sal ía secando sobre apel. Sentouse no arrabaldo da cidade a soñar coas grandes chairas que gardaba no seu reducido diccionario de paisaxes. Comprobou a pequenamarea que lle baixaba do corpo e tivo medo ou esperanza de se converter en mar oceána ou flor de sal.

Esta é unha proposta feita por Roberto Abalde
roberto.abalde@galego21.org
a partir das palabras "suor" e "xoio".

2

Parada nupcial

zamburiñas
cueiros



ruzara todo o supermercado en busca dunha ofrenda. Vira na televisión como certos paxaros australianos chamaban pola parella construindo un niño no que dun lado da entrada colocaban flores frescas e doutro unha morea de escaraveillos recién capturados. Repasaba os andeis todos comprobando as etiquetas para saber se podía permitirse o prezo do amor. Abaneaba a cabeza ante cada cifra, incapaz de igualar en economía e sinxeleza a oferta da ave. Certo que ela era esixente para estas cousas dos detalles e que o día que se presentou na porta da súa casa con tres sofás, espléndidos de tamaño, rescatados do centro Reto, ela soltara os cans. Hoxe era diferente. Quería pedila en matrimonio. Tiña que comportarse como un campión. Esgarabellos e flores, que boa idea. Alimentos e amor. Ía como un colibrí, peteirando nos estantes, sopesando os billetes que levaba e calculando qué dúas cou-

sas representarían mellor a súa proposta. Pensou en perfumes e galletas ou bombóns e batedora. Sopesou facer parella entre un estupendo ferro de repasar de ocasión e un botiño de marrón glacé ata que viu un abertísimo sorriso infantil que o chamaba dende un andel. Agora, que xa encontrara o amor, buscou no alimento un seguro de éxito e unha promesa de paixón. Lembrou, doutro documental, a fama que os bivalvos teñen para estas cousas da calor e apertou un pouco máis os billetes. Chegoulle sorrinte, as mans ocupadas coas zamburiñas para o presente e os cueiros para o porvir.

Esta é unha proposta feita por Gloria Martínez Vidal
martine@inf.uji.es
a partir das palabras "zamburiñas" e "cueiros".

3

Polo recto camiño

puta
sandía

N

o verán, a cidade suaba polas pedras. Entrei nos ultramarinos e don Alfonso volveuse aireando o mandilón de cadros para reprenderme pola tardanza: xa che dixen que foras polo camiño recto. Logo mandoume: colles a botella de Marie Bri-zard e lévaslla a don Ricardo, o da caixa de aforros, que hoxe ten convidados. Corre correndo. Saín da tenda e unha vez máis Santo Domingo, Cardenal Quiroga e o Paseo. Timbre, señora con cofia caramelo e a correr baixo o sol pesado de agosto. Cando regresei, don Alfonso mirou para min dubidando. Reparou nos pantalóns curtos, colleu unha sandía e deuma: vas á calle Villar, na esquina con Colón, e entrégala no terceiro. Indicoume: vas polo camiño recto e cando entres na casa non mires ós lados. Saín ó calor do mediodía e subín polas Mercedes para que as alumnas do colexio de monxas non me visen no oficio de recadeiro. Foi pasando a Magdale-

na, mentres baixaba as escaleiras de Santa María Madre, cando reparei nos detalles do encargo. Percorrín a calle Colón a paso lento, remoendo a orde: non mires ós lados. O portal estaba aberto, pero antes de entrar fixen tres asexos: o primeiro por intuición, o segundo por prudencia o terceiro por medo. Entrei. A sandía comezou a bailarme nas mans mentres salvaba, un por un, os chanzos de madeira. No último descansiño pareime a escoitar. Só o corazón. Arrimeei contra min a sandía e subín. A porta do piso estaba entreaberta. Respirei, respirei e respirei antes de empurrala minimamente para entrar. Un corredor longo. Algo queixouse no fondo sobre unhas voces apagadas. Puxen vista á fronte notando a frouxeira nas pernas. Fun dando pequenos e rectos pasos sobre o sintasol. Cando a porta renxeu e a luz se ciscou quedei inmóbil apertando a sandía con todas as forzas da infancia. Saíu un home altísimo que ó pasar onda min cun sorriso lixeiro compaceceuse: pasa neno, que aí só hai unha puta.

Esta é unha proposta feita por Suso
susoo@usa.net
a partir das palabras "puta" e "sandía".

4

Hamlet acusador

párkinson
cancela

T

ña o amor enfermo de párkinson. Tiña o corazón ferido, de aurícula a ventrículo, polas frechas da aldraxante fortuna e cada vez que comezaba a declamar, un mundo de bolboretas axitáballe o corpo e traíalle o recordo da cara aboiando onda os nenúfares. Subía ás táboas seguro de si mesmo, pero en canto o xove príncipe se apoderaba del, a sólida masa da súa confianza esvaíase disolta en chuvia de bágoas. Tiña o amor olvidadizo nas rúas, pero unha vez que vestía a rica seda moura do atrezo, retornaba posesivo, lembrando que os vermes son os monarcas supremos de tódolos comedores. Cada vez que o [enterrador](#) lle contestaba unha que foi muller, pero xa morreu, o incendio da memoria queimáballe o presente e todo se volvía padecer calafríos. O personaxe acusábao causándolle tremores imposibles, pasándolle pola cara as vellas imaxes do asasinato: aquel día, desde a cancela, viuna pasar

do brazo con quen non debera pasar. A ira apertoulle as mans contra os ferros, pero lonxe de atacar como xabarín ferido, escondeuse coma lobo e agardou. *Os males desesperados ou son incurables ou alivian con remedios desesperados.* Sen o verniz da prudencia esperou a que pasase pola praciña: botouna no estanque e apertoulle a gorxa entre as convulsións da vinganza. Deixou que a furia movera os brazos ata que a auga converteu o resto en silencio.

Esta é unha proposta feita por Iolanda Ogando
chandrex@jet.es
a partir das palabras "párkinson" e "cancela".

5

Caza maior

aluguer
miñoca

Pagábanlle trinta pesos. Hai que foderse. Trinta pesos por unha noite. Tanto tempo calculando que quince pesetas diarias eran un bo xornal e agora dez veces máis por unhas horas. Madrugando, si. Pero unhas horas. Un home cun can alcanzárao ó saír da obra para preguntarlle canto cobraría polo aluguer dunha noite. Botouse atrás, pero o home tranquilizouno ó lle preguntar se non era quen mellor coñecía Santa Clara: imos ó porco bravo. O can cheiroulle as pernas e as botas. As dúbidas desapareceron ó lle falar da remuneración. Quedamos ás catro da mañá na cabeza da carballeira, faga o favor de levar unha lanterna. Camiño da casa non viu máis ca unha morea de moedas e saír de pobres aínda que fose por un mes. Ergueuse con decisión, lavouse o imprescindible e de camiño volveu botar todas as contas: un algo para arranxar a cociña, un espello para a muller, unha cama para a nena (dur-

mía collida das súas mans e non llas quería soltar cando marchou), aforrar outro algo e unha propina para gastar un domingo nun restaurante, quizais polbo e carne richada. Entrou na carballeira e fixo por esperar un pouco antes de prender a luz. O barullo indicoulle o momento e o foco alumeou unha partida de cans ouveando contra el. Cando escoitou as primeiras postas tronzar as follas sentiuse coma miñoa cravada no anzol.

Esta é unha proposta feita por Fernando Riveiro López
friveiro@tsc.uvigo.es
a partir das palabras "aluguer" e "miñoa".

6

Cada cousa no seu lugar

buratos
memoria



Cando acordou do sono decatouse de que a súa casa estaba chea de buratos como se estivera en [Blackburn, Lancashire](#). Descolocado polo descubrimento non conseguiu recordar nada do que lle era habitual. Esqueceu cada unha das pequenas cerimonias que o reconciliaban coa vida matinal: a auga fría despois da ducha quente, o peite, o café con flocos e o cepillo dos dentes. Todo alterado, irrecoñecible. Parecelle que as paredes sufrían dun sarampelo atroz ou que alguén tentara colgar cadros con escasísima fortuna. Cando saíu do dormitorio comprobou a magnitudedo desvarío: cada cuarto tiña os buratos de distinto tamaño e no corredor mesturábanse os diámetros repetindo debuxos de sistemas planetarios. Contou cada un dos orificios, de arriba a abaixo e de dereita a esquerda. Fixo reconto preciso e metódico sen desprezar os da biblioteca, mínimos como picada de abella: Catro mil. Volveu á

cociña. O gran burato do centro respiraba como boca de aire acondicionado. Mirou o escuro da súa profundidade e deixou-se ir polo seu tobogán. Cando aterrou e abriu os ollos a memoria xa voltara a pór cada cousa no seu lugar.

Esta é unha proposta feita por Miguel Cid Fernández
ghuises@usc.es
a partir das palabras "buratos" e "memoria".

7

Semper fidelis

virtual
choupada



Debe ser un costume do exército ianqui facer un baile de gala antes de marchar á guerra. Xa o recordaba da época de [Fort Apache](#). Facíano, supuña, para que recibir a nova de marchar tivese suficiente solemnidade ou tamén para que algún oficial puidese lucir circunstancia digna ó pronunciar que o rexemento sairía antes do mencer. Así estaba el, con uniforme de gala da infantería de mariña USA: guerreira azul, botóns dourados, botas negras e gorra branca. Non conseguira bailar con ninguén no que ía de noite cando chegou o comandante e mandou parar. Parou o vals e todos en fila india. A beira do río era un lugar incómodo para asexar o inimigo. O sarxento colocáraos distanciados antes de anunciar: imos tomar a outra banda. Mentres cruzan, manteñan a distancia e non se dispersen. Alá formaremos grupo na cabeza de praia e aguantaremos ata que pase o goso do rexemento. Deitouse

sobre o orballo. Estaba cagado. O sarxento pasou: hai que mollarse, hai que mollarse. Meteuse no río e a auga comezou a escalarlle polas pernas, tomoulle a cintura e chegoulle ó peito. Vadeaba cos brazos en alto para soste a arma. Os ollos fixos no lugar no que esperaba atopar a outra marxe. Pasado medio río notou a primeira bala. Logo choveron proxectís e buscou abeiro na auga. Inmersión, inmersión. Escoitou as balas salferindo insistentemente no río. Veulle o pánico a morrer afogado, ergueuse e correu contra a terra padecendo todo o peso da impedimenta. Deu a última choupada para encontrarse coa bocacha dun fusil apuntándolle á fronte un segundo antes de que o automático da casa saltará rebentándolle a emoción da guerra virtual.

Esta é unha proposta feita por Carlos Crespo
carloscrespo@interbook.net
a partir das palabras "virtual" e "choupada".

8

Lírica dos dietarios

50 días
50 noites

Nos 42 días para traballar apuntou as citas con coitado, temendo o fado de que a mala escrita perxudicase os encontros. Anotou as tarefas con metódica perspectiva: deberei ser sutil os días pares, deberei ser estricto os impares. Escribiu algunhas recomendacións para que os luns fosen menos pesados e os venres menos ansiosos. Metido na didáctica de si mesmo, adiantou algúns comportamentos que a intelixencia lle aconsellaba, pero o carácter lle impedía. Así que deixou, unha folia de cada tres, rexistro de bos propósitos: máis prudencia, máis paciencia, máis constancia, máis entrega. Calculou que ó ir deitando as follas podería marcar a un tempo novas metas e facer propósito de emenda. Por timidez, pensou caligrafar en letra miúda algunhas ilusións que lle quedarán pendentes da xuventude para buscar os 15 minutos de fama que lle correspondían. Arrepentiuse ó se decatarse de que

escribir era crebar o soño. Enfrontouse ós 8 días para descansar, pero non selle ocorreu nada. No último dos 50 días planificados sentenciou: e tentar saír de pobre. Cando pechou a axenda, o seu carácter temeroso avisouno de que nada previra para as noites de cada día. Buscou no reverso de cada páxina unha suxerencia que o sacara da monótona vida do artilleiro. Pero antes de que a revelación o alcanzase, comeuno o desánimo do escenario doméstico: el era a súa peor compañía. Escribiu con letra apresurada en cada unha das 50 noites: tentar saír de pobre.

Esta é unha proposta feita por Emilia López
trasgos@trasgos.com
a partir das palabras "50 días" e "50 noites".

9

Con propiedade

criónicos
suburbano



Lolo apareceu un día polo barrio sinalando o ceo con xesto de elegancia esaxerada, como se tivese estudiado nun colexio de curas e se lle quedarán os aires do director. Lolo, para nós, era un pouco lelo. Como moito, parecíanos gracioso ou curioso ou raro. Ou simplemente distinto. Despois de tres días denos rondar polo parque, Lolo sumouse a nós e se converteu nun apéndice moi incómodo para as falcatruadas e moi útil diante dos adultos porque falaba diferente a nós. Lolo aseguraba que cando contaba oito anos fora abducido polos selenitas, viaxara nunha nave sideral forrada de látex e fora abandonado nun solar do extrarradio. Falaba así. Explicaba que os selenitas non eran antropomorfos e que lle cravaran no corpo varios instrumentos punzantes para lle mensurar a hemoglobina. Despois das primeiras risas, a nós deunos como respecto esa forma de expresarse con prosapia, así que faciamos roda

para escoitar unha e outra vez que o foguete era fusiforme e que a iluminación do seu interior era cenital. De tarde en tarde aparecía e dicíanos que chegara ó parque peripateticamente ou que nós eramos caucásicos de raza. Unha noitiña baixamos da Alameda e o autobús suburbano que ía a Piñor chimpanou contra a beirarrúa. Arremuiñámonos onda el para tranquilizalo. Estaba teso, pero non parecía sufrir. Notámoslle a cara moi fría. El botou man á fronte, e mirounos con calma antes de nos anunciar: vou quedar coma meu pai, criónico para toda a vida.

Esta é unha proposta feita por Xabier Loureiro
derethor@yahoo.com
a partir das palabras "criónicos" e "suburbano".

10

A seriedade do asunto

paixón
funebre



Levaba barba de tres días, traxe gris tirando a escuro, garavata entre azul e negra e gastaba un reloxo que marcaba as horas dende que fora xubilado, con cariño, pero xubilado. Entrou no velorio con paso firme e foi saudando a cada un dos que se encontrou na sala a pesar de non coñecer a ningún. Presumía de vendedor: frigoríficos ós esquimós e televisores ós cegos. Aseguraba que non era oficio senón paixón dende que no colexio lle asignaran unha hucha no domund. Encheuna como ningún outro alumnado centro. Gustoulle a sensación de sacarlle os cartos áxente e fixo da gracia profesión. O féretro estaba discretamente situado no fondo do tanatorio e ningún lle prestaba demasiada atención. Anos de traballo, cada mes superando as cifras do anterior, non valían agora máis ca unha cea de despedida e un reloxo gravado co seu nome. No medio de tantas conversas, de risas discretas e

do pranto ocasional dalgún parente, avanzou convencido de que a última venda sería definitiva. Unha transacción para que o mundo recapacitara sobre a súa idade laboral. Empregados da funeraria colocaban ramos e coroas, pero o arume das flores non disimulaba por completo o cheiro da morte. Estirou as mangas do traxe para levantar a tapa da fúnebre caixa antes de que todos os brazos do mundo se enredasen nel. Díxolle ó impasible cadáver: voulle facer unha oferta que non poderá rexeitar.

Esta é unha proposta feita por Lucía Pazos Alfonso
sirena.mal@servivoz.net
a partir das palabras "paixón" e "fúnebre".

11

Pasan as leiteiras

conto
sono



an os tres abrazados polo Progreso mentres pasaban os furgóns de mercadorías. A madrugada despedíase con tódolos bares pechados e inequívocos signos de labor, pero a eles quedábanlles aínda tres pastillas e restos de brillantina no cabelo. Viron pasar o autobús de traballadores camiño do polígono e un deles dixo: a vida debería ser sempre así, con máis madrugadas que días. Firmamos, responderon os outros. Asaltounos unha vella preto das casetas da praza de abastos: dígovos o futuro, señoritos. Só se nos garante que ha ser como agora. Xúrovolo tanto que habedes ter coidado con deixar que o sono vos coma as noites. Marcharon coa sentenza nas costas, advertindo que todo era conto. Separáronse e cada un buscou o abeiro das súas mantas. Ó primeiro cazouno o sono nada máis deitarse e deixoulle as pálpebras cosidas para sempre. O segundo deixouse ir, sentindo como a néboa

Ile comía os ollos. O terceiro viu no fondo do corredor a morte paseando da man do sono e velouna. O medo retorcéuselle no fondo dos ollos como unha serpe no cudun cesto e comprendeu que si quería vida había de estar así eternamente, esperto como na hora que pasan as leiteiras.

Esta é unha proposta feita por Xosé Carlos Pérez Gómez
jcarlos@cesga.es
a partir das palabras "conto" e "sono".

12

Que me queres, cabrón

pan
mercado



ue o sol levara dúas horas presidindo o horizonte matinal non era a causa da súa alegría. Saltou da cama, puxo os pantalóns curtos e correu contra a cociña. Mamá, vou buscar o pan. Mirou o reloxo e acelerou o paso. Entrou na panadería e buscou o expositor pequeno. Detrás estaba ela: dúas coletas e un vestido azul con moitas néboas brancas. Gobernaba con soberbia o familiar reino da fariña. Ela marchaba para o colexio e el saía detrás. Cruzaban o labirinto do mercado. Ela subía pola costa das verzas, el rodeaba correndo pola dos zocos para cruzarse e saudala. A rapaza, case sen responder, seguía polos postos da froita. El corría de novo entre os vellos fieltos para chegar primeiro ó cruce da praza. Voltaba a encontrarse coa raíña para enviarlle un tímido ola. Camiño dos postos de flores corría co corazón delatando os nervios, entre as rosas mirá-baa por última vez erguendo a man dereita en forma de sinal.

Miraba como esmorecía entre a xente e marchaba co peito encollido á escola. Día tras día, voaba sobre os tenderetes e, desbocado, alimentaba os encontros a medias conquistador, a medias vencido. Que o sol fose especialmente intenso aqueloutra mañá non era a causa da súa alegría. Repetiu a cerimonia da persecución ata que viu as coletas entre o fume dos churros e salvou a distancia con présa. Mirouna achegarse e abriu os labios para saudar, a ela alumeáronlle os ollos antes de cravarlle: que me queres, cabrón. Quedou inmóbil, incauto coma un león fronte ó mar.

Esta é unha proposta feita por Tono Sánchez a partirdas
tonosanchez_99@yahoo.com
palabras "pan" e "mercado".

13

Noite de ronda

amor
Rivaldo



Conviñeran a segreda cita entre rondó e rondó do baile de máscaras. Baixo o veo escoitou da feminina boca a miña fiestra é a máis alta á dereita do pazo, tirade unha pedra contra o peitoril e acudirei presta, pero tende coidado, non se decate ningún. Non moveu o antefaz para asentir. Resgardado pola capa, avanzou na noite ata chegar ós muros. Mirou a lonxana fachada e comprendeu o mal de cálculos sobre a realidade que andaban as mulleres. Colleu unha pedra e lanzouna con toda a forza da que dispuña. Perdeuse na sombra intensa do xardín. Estorbáronlle os papeis nos que levaba escritos poemas de amor con algúns versos copiados de Cavalcanti. Colleu outra pedra, tomou un pouco de pulo e tentou dirixila contra a fiestra. Viuna voar dous segundos pero non percibiu que alcanzase a luz que medraba do cuarto. Tirou as cuartillas que levaba prendidas do cinto, tirou as luvas, tirou a capa. A

media noite estaba próxima. Calquera ruído sería tomado como acto violento e quen sabe se os secuaces do conde non saírían a matar antes e preguntar despois. Lanzou outra pedra. Auga. Debeu caer no estanque. El, o décimo Rivaldo dos marqueses de Mirafiori, rondando donas coma un capitán. Escoitou algo no xardín mentres a ventá permanecía imposible. Máis pedras non. Tronzou as puntas das pólas coas súas follas e fixo unha bola, rodeouna con catro voltas da capa e atouno todo fortemente. Púxo a no chan. Tomou impulso con cinco pasos e meteulle un punteirazo que fixo voar o esférico por riba da barreira. Foi ben de forza, pero mal de puntería. Pegou contra a casa e os cans respostaron con ganas. Quedouse cravado como un cristo. Sentiu movemento, voces perdidas e alguén que pedía dádelles a cheirar a capa ós cans. Decidiu correr en defensa propia, pero os ouveos furiosos anunciaban trabadas nas partes nobres.

Esta é unha proposta feita por Carlos González Meixide
cgmeixide@yahoo.com
a partir das palabras "amor" e "Rivaldo".

14

Balada da escaleira

Bakunin
conselleiro



Cando mozo, un tempo de trencas azuis ebufandas vermellas, escoraba pola banda de [Bakunin](#). Pensaba na utopía como un país de chuvia sobre as pedras, puños altos, libros de dez centímetros de lombo, algunhas disputas sobre analíticos e científicos e onde tódalas vivendas de estudantes tivesen calefacción central. Cando mozo acabou a carreira axudando a algúns catedráticos a pegar carteis e facendo traballo de campo para investigacións que nunca levarían a súa firma. O día que puxo o primeiro traxe da súa vida (no enterro do seu pai) pensou que tiña que haber algo para el do outro lado do muro e o bucle do relativismo colectivizou a súa ambición. Abriu o mostrario das posibilidades e topou algo de bo á súa dereita. Colleu o paso e aprendeu, sobre todo, a entender que os méritos dos demais eran os del. Tan decidido a representar a quen non o elixira estaba que se marcou unha meta inme-

diata e púxolle labia á obra para conseguilo. Era o único galego que subía a escaleira mentres inclinaba progresivamente a cabeza. Foi fontaneiro, secretario, suplente, deputado, asesor, ata que un día alguén lle murmurou no odio: ti podes ser o próximo. O pavo despregou as plumas coas contas da leiteira, pero ó día seguinte a prensa deu outro nome para esa cadeira. Devorouno a gana de romper o mundo antes de que lle anunciaran aí vén quen por ti vai. A man como resorte dispárouse e os labios marcaron un sorriso disciplinado para saudar: ola, conselleiro.

Esta é unha proposta feita por Diego Ameixeiras
ameigeira@rai.usc.es
a partir das palabras "Bakunin" e "conselleiro".

15

Pintura íntima

sabañóns
apoteose



Veña, tes que dar con algo chamativo. Non vas facer unha exposición cunha merda de paisaxes. *Non, non, eso tampouco, pero o de ser orixinal está difícil.* O que tes que facer é buscar un argumento, un motivo, unha cousa que te identifique e logo tiras dela ata que canses. Mira o carallo ese de [Warhol](#): tres caralladas que fixo e que ben llas pagaron e non te rasques tanto. *Tampouco tanto.* Xa o dixo [Picasso](#): ser ou non ser orixinal, esa é a cuestión. O tío deso sabía un pedazo. *Podo pintar mulleres, que pintes cantas pintes, nunca as pintarás todas.* Neno, neno. Cabeza. Hai que ter cabeza. Se pintas mulleres chamarante figurativo e non conseguirás unha bolsa nin arrastrando o cu polo [CGAC](#). Nada que cheire a retrato. *Na facultade dábaseme ben eso de copiar do natural. É lástima que agora non me sirva. Podo facer naturezas mortas.* Precisas algo máis de imaxinación, o das laranxas máis laranxas

nun froiteiro é algo máis ben... *Non, non. Referíame a cousas contemporáneas. Espremedores para as laranxas. Quen pinta agora as cociñas. Nin dios. Así que vou eu e pinto batedoras, sanduicheiras, fornos microondas, torradoras, teorizando sobre o papel emancipador dos instrumentos. Moito maquinismo, as revistas din que volve o humano. Mira se podes deixar de rascarte. É esta merda de estudio, en canto chega o frío póñense os sabañós coma cogomelos. Podería facerlle un retrato a cada un, a ver se marchan a tomar polo cu. Aí o tes, neno. Toda unha sala chea sabañós illados do seu contexto e ti explicando que as cousas pequenas son as que perduran. Vai ser a apoteose.*

Esta é unha proposta feita por Carla Conde Vila
carlaco@latinmail.com
a partir das palabras "sabañóns" e "apoteose".

16

Santo e *seña*

autoconmoción
refugallo



Deliraba coa voz dun actor canso. O corpo en repouso e os ollos abertos, pero inútiles. O seu murmurio era só unha alfombra sobre a que medraban os ruídos de cada día. Cada vez que unha bata branca se lle achegaba polas costas da cama repetía: [aperta aquí](#), máis enriba, máis abaixo, a ver se podes apreixala e detela. Os fonendoscopios dubidaban da inconsciencia, pero a ciencia determinaba outra vez máis que a vida que quedaba naquel corpo era só un refugallo triste. Andaban intrigados os doutores polo mecanismo sutil do recitado e con pouca fortuna buscaron as palabras nos vellos tratados de medicina. Leron a horas infrecuentes da madrugada, ás mesmas horas nas que o paciente insistía: [inquire](#) se o corpo foinos dado para que podrecendo el e o que é del, prive á alma luminosa de tan triste sino. Con menos sorte aínda procuraron explicación nas enciclopedias de filosofía e máis atur-

didos regresaron da busca ó ler que nada é sen razón. Perturbados polo fracaso cercaron a cama do inconsciente ata converter a cita en letanía. Alterados pola vixilia, obstináronse en memorizar cada matiz do texto sen estaren certos da súa natureza. Obcecáronse en repetilo polos corredores, polas consultas, nos congresos médicos e nas recepcións sociais. Converteróno en santo e *seña* ata que algún deles foi deixando o raciocinio polas esquinas do hospital, vítima da ignorancia, das malas interpretacións, e da autoconmoción que, en tantos casos, causa a literatura.

Esta é unha proposta feita por Escola de Escritores do Colexio
Los Sauces (Mos)
saucesv@ctv.es
a partir das palabras "autoconmoción" e "refugallo".

17

Entrada en materia

Morgana
alborada



Arturo, canso do calor pacego, da insistencia dos cronistas e do eterno flirtear de Xenevra con Lanzarote, pousou a vella coroa de Inglaterra sobre o cumio da torre da homenaxe para que acabara comesta da eterna néboa da illa. Abandonou Excalibor entre os rodos e as aixadas do xardiñeiro. Cambiou as ricas sedas mouras coas que atravesaba Camelot polo mono do traballador e púxose a facer dedo na estrada de [Liverpool](#). Ninguén da numerosa corte viu como un home abdicaba do seu traballo, só unha muller observou a mínima figura saír pola porta falsa. Ela seguiu, segura de que un rei recién dimitido era présa doada para as ambicións dunha muller. A vida portouse mal co ex monarca. Lavou coches en Southampton, foi pallaso en Brighton, camareiro en Cardiff e guía cultural en Stratford. Tivo un breve, pero intenso, papel nunha película porno e viviu nun piso de dúas habitacións con

18 paquistanís. Cada día, os diarios mortificábano coas fotos de Xenevra convertendo a táboa en cama redonda. Foi a rolos pola cara salvaxe e buscou alivio, primeiro no opio e logo na morfina, cun breve paso polo ácido lisérxico. Acostumado ós bélicos amenceres, non apreciou se a música que acompañaba a alborada era de ataque ou retirada. Arrombado contra os muros dun [campo de amorodos](#) viu chegar a Morgana, fea de intencións e de presenza, que o abrazou todo antes de pedir-lle: vén, meu amor, empréñame, que te hei tratar coma un rei.

Esta é unha proposta feita por Carolina
cruniamaris@latinmail.com
a partir das palabras "Morgana" e "alborada".

18

Fin de ciclo

García
rei



El fora rei por dúas veces: unha porque o educaron na humildade das bestas para tirar unha espada dunha pena e outra porque lle fixeran promesa de submisión amorosa. Ela tomárao como señor ó pé dun muro e serviuno como só a promesa do interese permite: corvada de lombo e aberta de pernas. Foi servicial ata no pedaleo. Mercaran un tándem para percorrer as vellas estradas do reino, coas súas mochilas de hippies e un pouco de marihuana todas as noites. El ía diante, escollendo as rutas sen a penas consultar os indicadores. Ela afogaba nas costas. Mollábanse os dous cando novembro achegaba as borrascas do canal. Chegoulles a idade da inocencia na madurez, perdidos polos condados, entre as ovellas que regresaban e a cervexa torrada das tabernas. Falaban de cumprir **64 anos** e prometían que cada un escribiría unha postal co seu punto de vista sobre o outro. García era ela. Apelido transeúnte pero

ambicioso, adoutrinado no medrar polas liñaxes aínda que fose con matrimonios morganáticos. Daí o nome, supoño. Ela chegou a esquecer que quixo ser raíña, el non recordou que foi monarca porque a felicidade está máis feita de ausencias que de presencias. Morgana atopouno enguruñado sobre a vella pel de coella, frío como o destino do seu país. Tomoulle o pulso e despediuse. Meteu o vello Arturo nun colector do lixo, púxolle lume e boutouno ó mar. Logo deu en buscar a alguén que quixera ir atrás na bicicleta.

Esta é unha proposta feita por Xoán Elorduy
acollado@iies.es
a partir das palabras "García" e "rei".

19

Xustamente

Ferrol
peirao das palmeiras



ábanse ánimos mentres o catro latas iluminaba malamente a néboa da avenida. O conductor dixo, tomámoslle outro e imos buscar o paquete. Detiveron o coche, baixaron no bar e pediron: un cubata de cuba libre e outro de vodca. Prenderon pitillos e antes de pórse a beber o do cubata de ron afirmou: venceremos. O do combinado de vodca declarou: Rusia será libre. Déronse ánimos cos ollos, cos xestos e cos vasos longos. Saíron en dirección a Caranza. De volta, o paquete pesaba no asento traseiro. Era algo cedo mesmo pra unha noite de inverno. Aparcaron. Entraron nunha cafetería. Repetiron bebida, pitillos, cerimonia e ánimos contra os nervios. O conductor apalpou no pantalón e notou o vulto dos billetes. Saíron contra a néboa. Chegados á praza dixo: velaí a tés, hoxe con dous collóns, mañá ningún. Miraron de esguello para atrás e algo lles subiu polo esófago. Colleron o paquete, deixaron o coche

e foron camiñando. Pensaron: menos mal, destas horas en **Ferrol** nunca hai ninguén. A sombra nocturna do xeneral ecuestre cubriunos. Deixaron o paquete entre as patas traseiras do hercúleo cabalo emarchaban cando a descubriron. A cabra que subía pola escaleira dos xitanos estaba sentada sobre a herba húmida do xardín. Remoía tranquila e mirounos naturalmente, un pouco curiosa, un poucotriste, case coma un neno. O acompañante dixo: non podemos deixar a bomba aquí. Matariamos a cabra. O conductor non soubo falar. Mirou o animal tan sereno, cos ollos tan no centro do mundo, e contestou: veña, deixamos o paquete no peirao das palmeiras e que se fodan as árbores esas, que son un puto signo colonial.

Esta é unha proposta feita por Carme Fernández
degongora@yahoo.com
a partir das palabras "Ferrol" e "peirao das palmeiras".

20

Garda de corps

estratexia
mapoula



Colocaba os [airgam boys](#) en formación pechada por toda a lonxitude da galería. Semellaban guerreiros chineses coas súas coirazas vermellas, as mans ocupadas nos escudos e as lanzas. Sempre había algún que faltaba á disciplina e quedaba co paso cambiado ou co brazo en alto cando o resto xa marcaba unha perfecta liña recta. Sacábao da formación e obrigábo a facer flexións baixo a billa da cociña mentres lle chamaba recluta *patoso*, como nunha película que vira. Quizais unha das utilidades desta milicia fose servir de garda de corps sentimental para unha infancia que se resistía a abandonalo. Como estratexia contra os calendarios, cada noite cambiaba a disposición das tropas, unhas veces por protexer os flancos, outras por reforzar a retagarda. Movía os rexeimentos ata cadralos de cinco en fondo, como se fosen comezar un desfile en día da patria. Mirábaos na rixidez das súas

pernas e logo marchaba ó repouso como un coronel canso de esperar polo ascenso. Espertaba para comprobar como a madrugada romperá as ringleiras do seu exército. Os soldados quedaban salferidos pola estancia, caídos pero conservando o sorriso plástico da inocencia, coas coirazas estragadas pola metralla e o fío vermello da derrota baixándolles ó chan. Miraba a escena como un campo de mapoulas trala batalla, arrasado polo paso implacable dos blindados, e sentía a un tempo a dor dun pai que perde os fillos e a vergoña do xeneral covarde que esquiva a loita.

Esta é unha proposta feita por Moisés Álvarez
moichi@latinmail.com
a partir das palabras "estratexia" e "mapoula".

21

Só te quero

bar
disquete



Estaba sentada no centro do balbordo. Miraba divertida a cerimonia da xente que entraba, sacudía a auga, saudaba e buscaba un lugar no pequeno universo das mesas. Distraía o tempo da espera nas palabras alleas. Por fin, entrou. Cruzou o bar e sentouse antes de sacudir o chuvasqueiro. Ela mirouno tan seguro que lle entrou inseguridade. Que tal. Que tal de qué. El reclamou un descafeinado e abandonou a escásima conversa. Á rapaza diluíselle o ánimo como o azucre no te. Viña treboada. Miráronse e puxeron nos ollos o que evitaban pór na boca. Baixaron ás trincheiras para lembrar afrontas vellas e recentes. Pequenas frechas de ditos, acentos e intencións voaron sobre a mesa para demostrar a calidade miserable do amor. Ela lembroulle xa son as catro. El entregoulle un sobre e pediulle que o mirase ó chegar a casa. Logo me avisas. Mirouno marchar entre a xente e o seu baleiro na porta

deixou un ronsel de fume. Ela saíu á chuvia. A auga facía pequenos regos no rostro que pingaban na gabardina. Ía pensando na mensaxe e nas retortas intencións do amor. Marchaba sen mirar e tropezaba con cada transeúnte que pasaba co seu paraugas aberto. Abriu o sobre no ascensor para toparse coa negrura dun disquete. Entrou na casa coa esperanza posta na timidez masculina para calquera cousa sentimental. Odiou o tempo que o ordenador tardou en pórse en marcha. Abriu o único arquivo e leu o que o fastío da reiteración escribira. Só te quero para foder. Só te quero para foder. So te quero para foder.

Esta é unha proposta feita por Lucía Cheda
lcheda@teleline.es
a partir das palabras "bar" e "disquete".

22

Peixe do destino

triforio
xarda



o antigo deus só quedaba unha [columna](#) con marcas de ter sido tocada por moitos dedos, na que os feirantes ataban os mulos portugueses das reatas. Que tivese chegado ata alí polos camiños de occidente era só cuestión de paciencia e pasos, de non deixarse asaltar nas corredoiras e de durmir como din que fan os coellos, cun ollo aberto. Entrou na nave e case non quedaban vestixios do culto. Cada quen montara o tenderete como mellor precisaba a mercadoría e o tumulto das encomendas sobrepasaba a altura dos vellos muros derruídos da antiga catedral. Sorteando os rebumbios apreciou cada un dos prodixios que o mundo levara ata alí. Escarolas xigantes de Normandía, pementos negros de Finlandia, colas de tabeirón dos antípodas e carne de golfiño roxo en salga. Foi prudente e mercou un peixe común. No triforio da ruína estaba nos menciñeiros, os tafures, as meretrices, os

sacamoas e algún que outro prestamista disposto a cazar un herdeiro perdido pola baralla. Había un mundo de mentiras asomando polos restos das fiestras, controlando a inocencia dos paisanos. Tomou o peixe e dende unha esquina comezou a ouvear que adiviñaba o futuro. Parouse alguén a preguntarlle polo método e explicoulle: ves as cores da xarda: o azul significa inverno; o verde, primavera; e o negro, o teu porvir. No instante mesmo caeu unha pedra ornamentada e deixou o curioso coa resposta morta na boca e cabeza fendida no chan.

Esta é unha proposta feita por Cristina Cubeiro Becerra
ahorn@freemail.com.au
a partir das palabras "triforio" e "xarda".

23

Punto de mira

repouso
francotirador

A

trapado pola timidez, refuxiouse tralos cristais da fiestra para ir seguindo a vida dos peóns que enchían as rúas. Tiña unha axenda con millóns de apuntamentos sobre horas, roupas, peiteados, empregos, tics e caracteres dos que pasaban. Lembraba algúns e esquecía outros, pero sempre había unha ficha nova que encher con datos sobre zapatos de tacón ou garavatas. Atrapado pola cantidade de datos que cada día anotaba con furiosa meticulosidade, decatouse da necesidade dun sistema científico e comezou a definir cada identidade asignándolle número e unha letra. Comezou a tomar confianza con X-25, que pasaba tódolos días camiño do pan; ou con Z-36 que recollía a B-3 e B-4 no colexio. Atrapado polo repouso obsesivo do desemprego repasou a inmensidade das fichas recollidas e pensou que había que facer sitio na casa. Reparou na purga do arquivo e no proceder para eliminar tanta

humana materia. Atrapado polo exceso de datos, unha tarde comezou o seu labor escollendo ó azar un cartonciño cunha letra, un número, e algúns datos sobre costumes horarios. Apostouse no tellado como un francotirador e concedeuille medio día de gracia. Viu pasar a figura, primeiro cara arriba e logo cara abaixo. No terceiro paso do día, ergueu a arma, axustou a mira telescópica e disparou sen deterse a comprobar a puntería. Baixou correndo a coller máis fichas con máis letras, máis números e máis costumes. Atrapado pola policía, puxo a boca do fusil na gorxa e apertou o gatillo.

Esta é unha proposta feita por Xepe de Castro Paparolo
asubio@paparolo.es
a partir das palabras "repouso" e "francotirador".

24

Da semántica

ozono
axóuxere

N

un deses xogos estúpidos a que alguén nos somete de cando en vez (por cousas do traballo e a psicoloxía ou por cousa do soberano aburrimiento burgués) pedíranlle que anotase nun papel algunhas cousas fundamentais para o mundo e a súa reacción inmediata foi escribir os mesmos desexos de cada fin de ano. Antes de que o bolígrafo rolara sobre o papel, recapacitou sobre o verdadeiro valor das boas intencións. Logo pensou nas grandes palabras que cada día asaltan os titulares da prensa como necesidade xeral, pero postos a non baixar o bolígrafo reparou no sentido último dos tópicos. Aínda podía repasar algunhas palabras que forman parte do repertorio habitual da música pop, pero chegado aí decidiu pousar o bolígrafo na mesa para quedar varado no dilema da semántica. As cousas só significan o que significan para cada un e deulle voltas á frase como a unha espiral

melancólica na que cada palabra se diluía na representación do seu desexo. Pensou no tanxible e no intanxible, agobiado porque os seus compañeiros de xogo sorrían satisfeitos de ter acabado antes ca el. Outro alguén demandou del unha resposta con palabras para o futuro e contestou: só quero ozono para que o mundo sexa verde e un axóuxere para que poida rir cos nenos.

Esta é unha proposta feita por Aitor Rivas
aitor@mail.pt
a partirdas palabras "ozono" e "axóuxere".

25

Cadea perpetua

morcego
neurose



s seus desexos quedaran arrombados nalgunha das esquinas do pasado. Cada tarde, ás cinco en punto, chegáballe a neurose e a pesar de finxir tranquilidade, delatábano os tics ata o punto de semellar un torpe estudante de esgrima. Unha vítima de todos os combates, o que morre en todas as secuencias. Tiña razón o [fado](#), as penas duran 20 anos e os remorsos 80. Faltáballe tanto para o retiro. Cangaba coa conciencia cega e non podía mirar outra cousa que a súa culpa multiplicada en cada unha das circunstancias que os días lle ofrecían. Non conseguía estibar o peso do recordo. Levaba a conciencia do asasino pendurada como un morcego da memoria e cada sombra que advertía recordáballe o día, a hora e o segundo no que levantou a man co coitelo mollado en sangue. Cada rótulo da tarde acusábao: matachín, matachín e só podía responder con acenos ridículos ou con torpes mano-

bras de disimulo. Camiñaba insomne pola cidade e cada madrugaba asomaba a cabeza por riba da varanda da ponte vella, mirando as negras augas do río ofrecerlle solución. Cada madrugada, coa covardía pendurando como un morcego da súa vontade, daba un paso atrás sen tomar impulso, condenándose outra volta á cadea perpetua.

Esta é unha proposta feita por Lúa Testa
cheloloureiro@planalfa.es
a partir das palabras "morcego" e "neurose".

Fondo de armario

transexual
solidariedade



teléfono insistía. Saíu da ducha, botou unha toalla portuguesa sobre os cadrís e foi mollando as baldosas como nunha chuva doméstica. Fale. É para un inquérito: ¿estaríadisposto a ser transexual?. A pregunta disparoulle o medo e a mala ostia: quen lle di a vostede que non o son xa. Colgou e sentiuse cazado pola azar do mundo largo. Anos de disimulo quedarán pendurando na paréntese da chamada e veulle a imaxe magoante do coello acoellado polo furón. Anos erguendo mastros con paciencia e saliva deixaran agora unha néboa de desconfianza, un temor a resultar diana para tantos dedos acusadores como andan soltos pola hipocrisía das beirarrúas. Á deriva pola casa, notou a chamada dos obxectos e a marcada clasificación do masculino e o feminino. Sentado no medio dun mundo que lle fuxía das mans, decidiu adiantalo ás carreiras. Volveu ó baño, sentou na bañeira e comezou a espaxear a

escuma de barbear: primeiro na perna esquerda, logo na perna dereita: corpo de muller, brancos oiteiros, muslos brancos. E o gume da folla deforestando a masculina condición extremidades arriba e aínda a tentación, ben reprimida, de operarse pola brava e acabar co calvario. Conformouse con afeitado e buscar algunhas sedas. Baixou á rúa e o desprezo dos demais indicoulle que a primeira solidariedade que precisaba sentir era a del consigo mesmo.

Esta é unha proposta feita por Laura Bugallo
laurabugallo@mixmail.com
a partir das palabras "transexual" e "solidariedade".

Temos un problema

ipsofacto
fascista



fino bigote mancháballe o labio superior. Fronte ó espello relucían as correaxes. Sentaba no despacho e repasaba a caixa das medallas de ouropel que lle diran en diferentes congresos onde destacara pola brillantez das súas botas e a perfecta administración que facía da gomina. Entrou Martínez con cara de preocupación: *temos un problema. Déronos un soplo, asegúra que a cidade está chea de [cronopios](#)*. Me cago na puta que pariu a estes comunistas. Como é que non o soubemos antes. Sácasme a xente á rúa e que non quede un puto ghicho deses rulando por aí. *Ipsofacto*. Antes a ver se me podes dicir exactamente que merda é eso de ser cronopio. *Ipsofacto*. Martínez, foder, non avises en comisaría que son uns chaíñas. *Ipsofacto*. Eh, Martínez, non perdas o bo costume e levanta o brazo antes de marchar. *Ipsofacto*. Coa man limpou acaspa da camisa azul e repasou as fichas dos habituais. Hai que foder-

se, agora saen con esto dos cronopios. Que carallo serán. Unha guerra ganada, 25 anos de paz fascista, ler tres veces *Mein Kampf*, ver varias veces Raza e saber de memoria a vida do Duce, non servía. Entrou Martínez máis preocupado: *non puiden facer nada, están por todaspartes, é unha invasión, polos parques, polos tellados, colgados das farolas e dos andamios. Os da político social din que ata poden estar neste despacho. Dáme a nove milímetros, que imos dar unha lección. Ipsofacto, pero din os da brigada que é inútil dispararlles. O mal non acouga, Martínez. Recolle as cousas e marchamos antes de que nos boten. Ipsofacto.*

Esta é unha proposta feita por Tomás Bautista
Lijó Marcote
tomasbauti.lij@rai.usc.es
a partir das palabras "ipsofacto" e "fascista".

A mellor prata da cidade

mensaxe
pulseira

Todo se lle ía en saber como chegarlle. Indeciso por parte de pai, non sabía como chegar ata ela sen levantar sospeitas excesivas sobre o seu interese. Pasaba máis medo ca vergoña cada vez que os corredores do centro se enchían coa suave luz do seu cabelo. Pensou en enviarlle poemas anónimos, pero cando escribía lixeiras rimas consonantes rematadas en on, entráballe o prurito da autoría e puña ó nome en terminando a obra. O nome acusábao na intención e abandonaba a lírica. Terrible abandono ese porque o deixaba capado sen a súa arma principal da seducción. Timidamente a seguía co corazón nos ollos coa esperanza de que fosen certas algunhas teorías que escoitara sobre o poder da psique. Debían ser mentira. Andaba polas rúas á procura da sorte cando a viu alí. Refulxía como algúns ríos baixo o sol da tarde. Elegante e discreta. Decidiuse, entrou e preguntou. Rapazote, é

a mellor prata que atoparás na cidade e o gravado vai gratis. Comparou o tamaño do seu desexo co dos seus fondos e pediu que lla envolveran en papel de agasallo. Meteu a pulseira e unha nota cun poema no anverso e no reverso unha mensaxe: por favor, fálame. Meteu o paquete en correos e esperou. Correos meteuno nunha cesta e da cesta pasouno a unha caixa. A caixa meteuna nun camiión e o camiión saíu da cidade e percorreu estradas de noite. Do camiión saíu a caixa e da caixa saíu o paquete que quedou esquecido nunha cidade sen a rúa que figuraba no principio da etiqueta.

Esta é unha proposta feita por Carmen Fernández Fernández
rfern009@correu.udg.es
a partir das palabras "mensaxe" e "pulseira".

29

Nada quedou de abril

zulo
cagarría

F

oi despois de abril. Por maio. Era imposible ver o mundo. Deambulabamos pola igrexa repasando as capelas. Ía un frío feo, católico e sentimental. Erguémoslles os saións ós santos de tela e ningún deles modificou o torpe aceno da éxtase. A case todos, agás San Roque, que andaba sempre cun can. Poidaque nos trabase. Subimos ó coro e cantamos algunhas cancións indecorosas (*Querida Irene: síguete meneando, que ya me viene*). Fóra petaban nas portas. Abrimos os petos e fomos espaxando as moedas para escoitar o cantar metálico de cada unha contra o chan. Mesmo había algúns pesos. Logo xuntámolas todas no corredor central, como para unha voda e dous dos máis maiores desfilaron solemnes contra o altar. Outros asubiaban a marcha nupcial. Bebemos o viño e comemos as hostias. Era todo de moita risa aínda que fóra se escoitaba a furia tentando botar abaixo as portas. Irene non

veu, así que algúns decidimos meneárnola nos confesionarios. Mágoa que as revistas do rapaz aquel de Samos quedaran no armariño do dormitorio. Era por maio. Alguén fora con flores a María. [Caraveis](#), creo recordar. Repartímolos e cada quen levaba un posto onde mellor lle cadraba. Eles non podían entrar e nós non podíamos saír. Un neno con cagarría puxo perdida a pía bautismal, de tanto uso. E parecía que era de moita risa. Foi mal que as trancas cedesen e os curas entrasen cos vimbios mallando en nós como se fosemos mercaderes e logo nos meteran nun zulo a todos. Tiveron que vir, avergoñados, os nosos pais a sacarnos cando xa non quedaba nada de [abril](#).

Esta é unha proposta feita por David Porto
porto98@olemail.com
a partirdas palabras "zulo" e "cagarría".

30

Ambicións no horizonte

lusco fusco
lóstrego



era nalgures que o último raio que sol entrega no solpor tiña cor verde e aseguraba unha vida próspera e feliz. Miraba o ocaso, por tanto, con ambiciosa ollada tentando atopar no último segundo de luz de cada día argumentos para cambiar de vida. Deuse ó sono diurno, ás lecturas nocturnas e na fronteira do lusco fusco deuse a asexar o horizonte. Queimaba os ollos tentando advertir cambios na luz que asomaba esmorecida por riba de Sálvora e queimaba os ollos en todo canto libro se fixera eco da lenda e dos seus beneficios, ben atribuída a deuses, ben que fora cousa dos demos. Coa mesma ambición de tódalas tardes, subiu ó monte para ganar perspectiva e alí pillouno un trebón de verán que non ocultou por completo a cor marela do astro. Dubidou tres segundos sobre a validez da súa investigación en tales circunstancias, pero osol xa afogaba no mar sen ter en conta a chuvia nin o vento.

Apostouse na cima do mundo como tantos días: deitado na terra para aprezar o instante último do día. As tebras da noite viñan iluminadas polos raios da tormenta e pareceulle ver o horizonte como un océano verde de fantasía. Sorprendido na esperanza, ergueuse para ganar un momento máis de luz e viu chegar a deus de a cabalo e con el o lóstrego que lle fulminou o aire do peito.

Esta é unha proposta feita por Xosé Lois Castro Álvarez
xoselois@arrakis.es
a partir das palabras "lusco fusco" e "lóstrego".

31

Caste de palleiro

golfiño
fogo



golfiño era peludo, suave. Non semellaba de algodón porque tiña demasiado marcada a cadavérica fame dos palleiros. Apareceu un día trotando polo patio da casa, saudando timidamente co rabo en movemento e unha actitude devota para calquera que amosase mínimo aprezo por el. Miña irmá entenreceuse da ollada infinitamente abandonada e tratouno coma un gható: deulle leite e unha cesta para durmir. Era un can de clase: aceptou o leite e cambiou a cesta pola herba seca. Logo foi aceptando cada un dos cometidos cá familia lle deu: acompañaba a miña nai á praza, vixiaba a noite do gando e aínda xogaba co meu irmán pequeno a distraelo nas tardes dominicais do inverno. Non tiña un mal xesto con ninguén, aínda que lle ladraba algo ós tipos con traxe e maletín, quizais porque hai simpatías imposibles. Algunhas noites ouveaba con certa nostalgia, aventureiro metido a proletario paciente e ata meu pai

Ile perdoaba as molestias. Ía e viña pola casa como un mordomo británico: orgulloso do andar elegante e convencido dos cometidos. Na foto de familia que fixemos quedou retratado, deitado diante de todos, con aire displicente mentres ignoraba a presenza do fotógrafo. Foi a última. Mandouno pai nun mediodía quente do verán buscar as ovellas á Cerca. Topouse co lume preto do Ruxidoiro. Entre fuxir e seguir o mandado, escolleu seguir tentando recoñecer o camiño entre a calor e o fume. Cambiou o vento traidor, cercouno o fogo e non soubo saír. Atopámolo dous días despois, co pelo queimado e a anguria cravada nas súas patas de boa xente.

Esta é unha proposta feita por José Antonio Gómez Casto
jgome014@correu.udg.es
a partir das palabras "golfinho" e "fogo".

Estratexia do percebe

percebe
andróximo

Tatar por tratar, trataba a vida coa estratexia do percebe: resistencia toda, mobilidade ningunha. Soportaba a sucesión de circunstancias pola incapacidade de enfrontarse a elas. Vivía mancado pola indefinición, pero non se estrañaba porque algún dos seus devanceiros deixara escrito que había xente así no mundo. Facendo da camuflaxe unha arte oficio-
sa, esquivaba algunha das invitacións do mundo grande a vivir, que son dous días. Evitaba a seducción das persoas, evitaba a atracción das cousas. Como moito deixaba que lle chegaran coma as ondas do mar: algunhas acariñando, outras golpeando. Unha mañá petáronlle na porta e quedou alerta sentinela, en silencio esperando a que o mar pasara sen case tocalo. A chamada insistiu porque hai veces en que a vida é terca, pero lonxe de interesarse tentou pegarse máis á rocha. Na terceira, que din que é a vencida, decidiu moverse porque

quizais fose algo inevitable. Pensou na posibilidade, na oportunidade e puxo a bata que a súa nai lle regalara cando conseguiu botalo do fogar familiar. Cruzou o corredor co andar andrónimo de vivir sen declararse, lixeiramente apurado polos golpes que reclamaban urxencia dende o adro do chaleíño. Tensou outra volta o cinto antes de abrir e o movemento impediu a prudencia de asexar pola mira. Tirou da porta e topouse cos dous canóns recurtados dunha escopeta que lle esixía ineludiblemente a bolsa ou a vida.

Esta é unha proposta feita por Begoña Pernas
pernas@redestb.es
a partirdas palabras "percebe" e andrónimo".

Árbore, árbore

ollos
nadal



s peixes beben no río, a xente nos bares e os grandes almacéns nos petos. Chegado decembro todo se volvía na casa facer viaxes ás galerías do centro: encher o automóbil de paquetes coas súas fitas de cores e voltar para casa sen poder utilizar o espello retrovisor. Os rótulos avisaban de que o tempo era para *disfrutar*, ar. Podías cantar e ser feliz (*happy xmas, John; happy xmas, Yoko*), comprar e ser feliz, ou ser feliz simplemente. Pero estaba moi mal visto ser infeliz. Desentoaba entre as luces de cores, as tarxetas, os turróns e os camelos todos. Motivos para a diversión: nada de nadal ou nadal de nada. O problema fundamental da familia era esco-ller unha árbore que acollese tantos regalos como circulaban polos corredores neses días. O pai negaba un exemplar pequeno porque lle restaba empaque á familia. A nai rexeitaba unha árbore moi grande porque un seu tío aproveitara as fes-

tas e que había corda na casa para permanecer pendurado do pescozo o tempo suficiente para morrer. Para a decoración había outras cancións. Demasiadas follas. Cada ano rifas na casa sobre quen debería ser o responsable dos adubíos ata que o pai fixo turnos. Tocoulle ó menor dos irmáns. Dous días fozando pola casa e unha colcha tapando a árbore. Na noiteboa pediu atención. Retirou o pano, prendeu a luz e a árbore apareceu preñada cos ollos abertos de trinta monecas cegas para dirixirse ó portal.

Esta é unha proposta feita por Anna Miralpeix Vissi
amira@001.correu.udg.es
a partir das palabras "ollos" e "nadal".

Síndrome do colmo

Joaquín
Sabina

F

oi nun pobo con mar, unha noite, aproveitando o desconcerto do fogo fixo e voador. Ela atendía a barra do bar da comisión de festas e a prominencia dos seus peitos rozaba coa intención de todos os clientes e con moitos dos cubatas que servía.

El, Quino para os amigos, Joaquín para o rexistro civil, precisaba dar un golpe para facer caixa e para recuperar autoestima de profesional sen demasiado currículo: dúas mercerías, unha farmacia, un intento fallido nunha barra americana e o plan perfecto para unha sucursal bancaria. Ó comezar o folián alguén pediu apagade as luces que non se miran ben os foguetes. El pensou na oportunidade e meteuse no tenderete. As liñas dos destinos converxeron xunto á caixa de cartón que facía as veces de rexistradora. Ela colleuno coas mans nun paquete de billetes de dez mil (logo din que hai crise, pero na ría xa se sabe). El, sorprendido, abriu a faca e decidiu levala

como refén. Meteuna nun cuarto da casa e cagouse na decisión e en todos os santos do mundo. Despois do segundo xantar comezou a mirala doutro xeito. Peditulle perdón, permitiulle que se duchara, que peiteara os cabelos negros e mesmo que lera os libros que seu pai deixara en herdanza. Multiplicou as atencións e, ó tempo, comezou a devecer coas negativas. Por fin, preguntoulle: porque me negas así? Raptáchesme coma unha sabina. Entristeceu de amor perdido, cativo daqueles desaires. Enfermou tanto que o tremor apoderouse das súas mans. Ela apiadouse undomingo e preguntoulle que lle pasaba: non son digno de ti, pero unha mamada túa bastará para sanarme.

Esta é unha proposta feita por María G.
caboudra@hotmail.com
a partir das palabras "Joaquín" e "Sabina".

35

Principio da fin do mundo

touciño
velocidade



mañá que lle apareceu un [anxo](#) no ceo da boca (ou arcanxo, que houbo discusións sobre a natureza da figura) a cidade era unha fervenza de sinais sobre a fin do mundo. Os semáforos volvéranse daltónicos, as lúas dos escaparates perderan a transparencia e as flores de plástico que o concello sementara nos rotondas despedían unha fragancia empachosa que gustou especialmente ás beatas. Non menos marabilloso, segundo as crónicas de bar, fora a cousa de amencer tres veces en seis horas e que os galos cantaran en cada unha das tres como se todas fosen verdadeiras. Chamou menos a atención que algunhas parellas galgasen en estancias públicas ou que algúns nenos, de natural procaces, xurasen en varios idiomas sen vir a conto en ningún caso. Mesmo houbo quen se estrañou de que os fenómenos non fosen patrocinados pola deputación provincial ou pola caixa de aforros. Tres

días despois de que o anxo lle aparecese no ceo da boca, a cidade recuperara a normalidade provinciana e dominical. Nas barberías, uns advertían que se chegara ó límite da indecencia e outros agoiraban o comezo dunha nova época social. El, mudo de nacemento, tentaba respaldar os segundos facendo exhibición do anxo mentres escribía no taboleiro que lle servía de boca que o futuro xa chegara, pero sempre, sempre que escribía a palabra velocidade para explicar o signo dos tempos a xente lía touciño e botaba malvadas risas á súa conta.

Esta é unha proposta feita por Aldo Castro
alforever@altavista.pt
a partir das palabras "touciño" e "velocidade".

O fillo do peixe

monarquía
insecticida

Demasiadas formigas. Marchaban todas en ringleira cruzando as habitacións do vello pazo, como unha invasión inevitable. A marea era como o regaliz, vermella e negra. Levaba na man o envase do insecticida e ía aplicándoo polas esquinas dos cuartos, dende o salón do trono cos veludos importados de Venecia ata a sala de protocolo cos libros que alguén trouxera de Viena. Dende que a súa familia tiña uso de razón estaba ó servizo no pazo. El, que de neno fora curioso e de maior rebelde, escoitara sempre o mesmo argumento para vivir 15 centímetros por debaixo da altura do trono real: o fillo do peixe sabe nadar. Seguiu a recua dos insectos para coñecer a súa orixe, pero por máis que percorría corredores con retratos de antergos representantes da familia, non daba con ela. Camiñou polas habitacións apreciando a traizón dos tempos en cada unha das estancias: o amarelo dos espellos esmerilados,

o mofo das cortinas coas fiestras abertas ó sur, os niños das cotovías nas torres. Todo formaba parte dunha marea que asolagaba o vello solar da monarquía. En algunhas partes do percorrido, as formigas confundíanse coa cor das alfombras, como se a xenética fose capaz da camuflaxe histórica. En chegando preto do salón das cerimonias, atopouse co séquito e co seu desgastado monarca á cabeza. Nada máis miralo tan canso (demasiadas mulatas demasiado compracentes) padeceu a incerteza de non saber se darlle outro destino ó insecticida.

Esta é unha proposta feita por Óscar Iglesias Araúxo
arauxo@mixmail.com
a partir das palabras "monarquía" e "insecticida".

36

Plumas

millo
burato negro



Áinda que lera a [Kafka](#), non sabía ben como chegara a converterse en galiña. Aparecéranlle tres plumas cravadas no cu un venres antes de cobrar o salario. Logo, foron medrando progresivamente por todas as partes do corpo, nun proceso imparabile no que, supuxo, tería algo que ver a súa covardía de home tantas veces exhibida. Desesperado, comprobou como a súa conciencia humana desaparecía baixo o impulso da voracidade animal, como din que algunhas galaxias enteiras desaparecen nos buratos negros: limpa e inexorablemente. Non podía saír da casa, pero recibira ofertas para traballar no Circo Ruso, nunha serie pouco documental sobre zoofilia ou de mascota dun equipo de baloncesto. As oportunidades da competencia mediática suavizaban a tensión da súa casa. A nai berraba cada vez que topaba o sofá cheo de penuxe e ameazaba constantemente con facer un bo caldo. Quería

resistir a evidencia de ser ave, pero notaba xúbilo cada vez que un verme sesteaba nos testos. Picada e a comer. Sentía medo cervical cando a televisión ofrecía reportaxes sobre raposos e algo se axitaba no interior se aparecía un galo movendo a crista. Lamentaba menos o seu estado acada ocasión que lle botaban puñadas de millo nun cazo e non llepareceu raro non poder pronunciar palabras como intelixencia ou astronauta. Espertaba moi cedo e así acabou coa paciencia da nai. Movi-da pola crueldade humana e polo mal que se entenden as rarezas, meteuno nun saco, arrastrouno polas rúas de madrugada e foino entregar no matadoiro municipal de aves. Ninguén preguntou: so houbo tempo para o machete.

Esta é unha proposta feita por Lois
lois@iaga.com
a partir das palabras "millo" e "burato negro".

Retratos do xeneral

franco
vieiros



bedel foi retirando tódolos retratos das aulas. Manexábaos con medo porque o levísimo sorriso do retratado, o uniforme de xeneral, a espada e a barriga disimulada eran, aínda, unha metáfora da peor cara do terror. En canto recibiu a orde de descolgar as fotografías, esquecéuselle o ánimo que algunha vez tivera de se vingar, de darlle matarile cando menos ós retratos. Comportouse como un cidadán responsable e fixo a transición das imaxes con calma e sen violencia. Colocou as estampas todas na entrada do colexio e os nenos foron pasando sen darlle a máis mínima importancia á iconografía do réxime. Chegou a señora da limpeza e dixo: quitarás eso de aí para que limpe. Non, vounos deixar estar corenta anos e afórrroche o traballo que levabas antes de limpalos un por un. Veña, quítame eso de aí, que xa me tarda a hora de rematar con esto. Agora vaste moi lixeira, pero houbo un tempo no que,

foras onde foras, tódolos vieiros levaban a Franco.

Esta é unha proposta feita por Helena Froiz
helenafroiz@hotmail.com
a partirdas palabras "franco" e "vieiros".

39

Azul e vermello

Papa chourizo

Era sempre a mesma operación: as tenaces e a dúbida. Cal dos dous cables tiña que cortar, azul ou vermello. Dez anos facendo o mesmo traballo e aínda se deixaba levar pola inseguridade. Estaba todo en perfecto desorde: os libros no chan, os pratos esmagados, os mobles arrombados. Só o televisor funcionaba. Enviaba a imaxe do vello papa tentando baixar a escada dun avión tan branco como a súa vestimenta. Azul ou vermello, que dilema. O papa había preferir que cortase no vermello, que para eso seguro que era moi católico. Pero que carallo sabería o ancián destas cousas. Xa chegara ó chan, estaba deitado bicando o asfalto do aeroporto. Que cousas fai esta xente, bicar o chan. Os cables persistían na dúbida. Azul ou vermello. O azul lembráballe un chalé vello que mirara cando era neno. O vermello, ó pementón do chourizo que llebotaran na fabada. Meteu as tenaces para trabar, pero detívoo-

se ó lembrar que non debía tomar decisións levado dos sentimentos. O papa camiñaba pola cha. A xente saudábao a el ou el á xente, non se distinguía moi ben. Azul dos hospitais, vermello das bandeiras. Pero que di a ciencia: a intensidade do vermello, a melancolía do azul. O pap adiante dunha banda de tres mil gaiteiros. Os cables erguidos. O chourizo repetindo. Meteu a ferramenta. O papa tropezara coas saias dunha gaiteira e tocaba chan en serio. Respirou dous segundos, apertou as tenaces e todo volveu a quedar tranquilo vinte segundos despois da explosión.

Esta é unha proposta feita por José Yáñez
yanez@futurnet.es
a partir das palabras "Papa" e "chourizo".

40

Na estrada

lúa veleidade

Todas esas luces enfronte, anunciando verbenas ou descanso na distancia, espertábanlle a melancolía do descoñecido. O aire frío que lle entraba por debaixo do casco rebaixáballe a calor lírica, lembrándolle os quilómetros que restaban de fuxida. O foco da moto escasamente iluminaba as sombras da noite e cada curva ameazaba co cansazo ou co medo ós uniformes. Un día enteiro a cabalo. A familia tería denunciado, outra vez, a súa marcha e as patrullas da garda civil andarían cun papeliño pegado nos cadros de instrumentos coa súa descrición e a matrícula. El fuxía da mala vida familiar e o seu pai dicía que tiña veleidades de herdeiro ou de artista caprichoso. Afirmaba e prescribía: non hai solar para parvadas aquí. No lombo da moto, buscaba outros aquís máis favorables. A gasoilera non prometía nada. Nin sequera publicidade. Meteuse no servicio. Unha mensaxe na porta: camioneiro cataría coa

boca e polo cu. Falstaff. Subiu a cremalleira calculando: cadaquén ten unha desesperación. Retomou o asfalto coas costas doloridas. Entrou na curva confiado e non apareceu o xesto do picoletto dándolle o alto. Freou con exceso de urxencia e mentres o axente lle pedía a documentación esvaráballe unha suor fría polas costas. Meteulle o foco nos ollos, mirouno entre irónico e receoso, mirou o limitado poderío da moto e a distancia co domicilio e deulle a risa. Anda vaite. Montou, deu gas e viu como a lúa marcaba unha nova liña do horizonte sobre o asfalto.

Esta é unha proposta feita por Antonio Rodríguez Vilas
xiba@olemail.com
a partir das palabras "lúa" e "veleidade".

41

O sabor dos cereais

minuto
eco



ndaba mal de tempo. Apuraba a untar as torradas para gañar un minuto porque cada vez que chegaba tarde o bedel apuntaba cun Bic Cristal (escribe normal) o seu nome nunha tarxeta. Entrou ela, abriu o frigorífico, tomou o cartón de descremado, pousouno sobre a mesa, verqueuno directamente sobre a cunca e antes de sentar dixo: cando chegue a noite non quero ver nin rastro de ti nesta casa. Detívose a vida un segundo e quedoulle o eco das palabras aboiando nos oídos e o sabor dos cereais gravado no padal. Entrou e dixo: cando chegue a noite non quero ver nin rastro de ti nesta casa. Dixo: Pola noite non quero ver nin rastro de ti nesta casa. Nin rastro de ti nesta casa. Nin rastro de ti, nin rastro de ti.

Esta é unha proposta feita por Dolores Barreiro Santos
penizas@teleline.es
a partir das palabras "minuto" e "eco".

42

Vida de princesa

xogo
azul



evaba inscrita na fronte unha vida de princesa. Era tradición familiar vivir coa narración rampan- te sobre as cellas e permitir que toda persoa pui- dese lela con calma, como din que é imprescindible para unha boa comprensión. O costume explicaba tamén que, en ningún caso, a historia podía ser con- tada, argumentada ou resumida de viva voz polo portador, baixo perigo de deshonra familiar e pública persecución por parte dos alguacís municipais. O texto estaba escrito sobre a cada vez máis vella pel en miudísima letra modernista de cor azul e falaba demantos de tisú. Marchaba polas rúas do cen- tro, co seu abrigo de cheviot, e alguén o detiña: déixame ler. Quitaba as mans dos petos e, como era alto, flexionaba as pernas para non entorpecer a lectura. Días pasaban en que non chegaba a tempo a xantar e os parentes lle deixaban o prato na mesa e unha doncela encargada de llo quentar cada

quinze minutos. Falaba o relato de elefantes e altísimas estrelas para xogo de princesas e por eso gustáballes ás improductivas fillas da burguesía. Canso de empapular, marchou un tempo renitente á obriga. Madrugou e contra o espello escribiu outro final. As vellas beatas da cidade que tódolos días sorrían fuxiron asustadas entre cruces ó comprobar como unha revolución linchara o pai de Margarita e ela, cun pano vermello e negro anoadado, marchaba cantando bandeiras porque agora si que estaba linda a mar e o vento.

Esta é unha proposta feita por Raquel Fernández
rfern009@correu.udg.es
a partir das palabras "xogo" e "azul".

Case en casa

emigración
regreso

De noite, tódalas estradas son a mesma estrada. A penas unha liña branca que guía as luces do automóbil. Amonotonía da distancia: dous puntos lonxanos cunha nada de asfalto no medio e conducir e conducir. A fatiga da radio, non mirar a escaseza da paisaxe, procurar que as ganas de mexar coincidan co depósito baleiro e andar e andar: facer camiño xa feito. Viaxe de regreso e cansazo de venres. Todo se xunta cando acada o camiión onde a liña continua. Nin vai, nin deixa ir. Regresar cada semana como un sinal ou como un rito. Como unha cerimonia interminable que a penas se mitiga a sensación de emigración, de desaloxo emocional ou de débeda permanente. Liña discontinua, avance rápido. Vai camiño de casa e leva acompañados os pensamentos ó ritmo do motor. Dubida da racionalidade da morriña, pero admite o desexo de volver. Outro camiión, outra lentitude. Comeza a chover para

empeorar os 20 quilómetros de curvas que lle quedan. Falta menos, e os rótulos ofician unha conta atrás que coñece paso por paso. Regresar consiste en calmar o desexo ou en facelo menos doroso. A chuvia insiste en golpear o coche con ritmo inusitado mentres comeza a ver as luces que anuncian o arrabaldo. Case en casa. Acelera para reducir as distancias, pero o coche decide buscar outro camiño fóra do asfalto, salta unha costa e queda tendido como un can morto baixo o neón intermitente dun puticlub, co seu conductor repousando definitivamente contra o volante, vítima dos retornos imposibles.

Esta é unha proposta feita por Emilia López
trasgos@trasgos.com
a partirdas palabras "emigración" e "regreso".

Terra leve

cona
milenio



cona máis desexada da vila era de Rosario. Din que era polo nome, porque soaba andaluz e semellaba exótico foder no estranxeiro. A seducción ten estas cousas, porque ela era monfortina por parte de nai e ourensá por parte de pai. Púxo a de meretriz de señoritos unha tía súa que quixo aproveitar as tetas grandes, a pel morocha e unha inxenuidade tan grande como a disposición ás novidades de Francia. Rosario paseaba tódolos días diante dos obreiros da fundición con vestidos de cores e perfumes importados, favores de herdeiros con máis escudos que poderío. O proletariado miraba, dende os ollos suxos do traballo, como o fillo do patrón saía tralo aire sureño, e miraba a imposibilidade de chegar polo peto a ese ceo. Tanto ceo, tan preto da casa só podía provocar ganas de ocupalo. Pasou Rosario un día de abril con aires de milenio novo, envolta en peles e violetas. Os operarios

abandonaron o traballo e marcharon tras dela camiño da Alameda. Puxeron sitio ó caserón da súa tía advertindo pacificamente que se eles producían para pagar a Rosario, eles deberían ter dereito a Rosario. Ela saíu da casa para falar ó tempo que chegaban os policíaos dispostos ó desprazamento de masas. Os traballadores apertáronse con Rosario nomedio e o sarxento decidiu cargar. Na carga escapouse un tiro que atravesou limpamente o corazón da rapaza. O corpo caeu como a neve e todo o mundo admirou, consternado, a suave curva dos peitos tinxidos de intenso vermello. Detívose o mundo alí onde os homes rodeaban s muller. Din que a terra foille leve e respectou ese corpo que os proletarios non cataran.

Esta é unha proposta feita por Alberte Rábade
vioteiro@arrakis.es
a partirdas palabras "cona" e "milenio".

45

Divinos sinais

protozoo
deus

N un libro case secreto, maldito e perseguido, o heterodoxo portugués Amado Pereira supuña que a forma física de deus era semellante á dun protozoo, é dicir, un ente dunha soa célula na que non se distinguiría o todo e a parte. O libro, secuestrado en varias épocas da historia dende a súa xa lonxana primeira tentativa de edición no século XVIII, argumentaba, baseándose en textos bíblicos, que esa relación obrigaba a unha certa reformulación da crenza no carácter absoluto da idea de deus. Pereira sostivo, mentres o deixaron, que a relación de unidade entre o todo e a nada parecía lóxica, do que deducía que se un protozoo era case nada, deus só podía ser case todo. Esta contradicción do principio totalitario do creador coincide coas perspectivas que, andando o tempo, identifican a deus cun ancián observando por unha fiestra ou, nunhainterpretación máis fin de milenio, á que advirte que o magnífico

só puxo en marcha o asunto e o resto é cousa do ADN. Resulta, por eso, difícil de entender o silencio que rodea tan singular libro nesta fin de milenio, nin a insistencia dalgunhas ordes relixiosas por perseguir tal tratado. Forma parte da lenda negra deste mínimo volume o violento mal fin que tiveron tódolos editores que multiplicaron a palabra do heterodoxo nas imprentas tal como xesús multiplicou peixes nunha voda. Debe ser por eso que me sobe o medo pola gorxa mentres toco o libro e vexo o fulgor dos lóstregos sobre a cidade, mentres escoito os golpes furiosos na porta e sinto a man protozoica de deus axitando o aire.

Esta é unha proposta feita por Gumersindo Recarey Rondo
gumersindo@mailcity.com
a partir das palabras "protozoo" e "deus".

46

Doce fogar

slip
Schwarzanegger



ivía coma un okupa, ía cambiando de corpo cada certo tempo, cando o uso dos brazos, o longo das pernas ou o tamaño do nariz se lle facía incómodo. Era un inquilino pouco agradecido, deixábaos tirados en calquera parte, como quen abandona un slip sobre o sofá pouco antes de ducharse. Reparaba nas xentes buscando acomodo, calculando o peso e a fortaleza porque sostiña que o corpo é o santuario do espírito. Seguía os corpos pola rúa para aprezar cada un dos detalles. Por preferir, preferíaos modelos schwarzanegger, pero a realidade non lle ofrecía pisos tan grandes. Reparaba nos xestos, nos andares, na vitalidade, e nunca escollía alguén que tivese os ollos cansos. Fuxía da enfermidade como algúns compradores foxen das vivendas escuras, pero fuxía tamén da xuventude excesiva porque se sentía mellor en corpos asentados, camiño da madurez ou lonxe de cambios sorprendentes. Debe ser por

eso que se fixou en min, porque me sobra normalidade e me faltan estridencias. E quizais por eso paso agora as madrugadas escribindo corpo por corpo as súas memorias. Agardando o destino de quedar deitado en calquera esquina do mundo.

Esta é unha proposta feita por Susana García
sgarcia@icex.es
a partirdas palabras "slip" e "schwarzanegger".

47

Estaba de ser

mochila
balcón



día que estreou o mellor traxe da súa vida, algúns inimigos acompañábano camiño do cemiterio. Ía vestido así porque no pobo non había eses bonitos sacos con tela de mochila con que os ianquis transportaban os seus mortos no Vietnam. Como non había outra cousa, buscáronlle un traxe escuro con algunhas raias e unha garavata —a el, que nunca gastara— antes de metelo na caixa. Unha vez dentro, axustáronlle a americana, estiráronlle os pantalóns e disimularon as manchas da camisa recolléndolle os puños. A el, que todo lle faltara na vida, orquestráronlle un final apañado para que se enfrontara á morte con máis elegancia da utilizada para enfrontarse á vida. Con algunha música e moitas risas, sacaron o cadaleito en procesión e dende cada balcón foron caendo flores para alfombrar o paseo. Foi por eso, por aproveitar o traxe ou por dar a nota ou porque estaba de ser que non lle chegara a súa

hora, que espertou, deu un brinco e correu por toda a avenida berrando que gracias por todo, pero que o deixaba para outra.

Esta é unha proposta feita por Manuel García
mgarcia@yahoo.com
a partidas palabras "mochila" e "balcón".

Coa cruz ó lombo

fracasado
Baltasar

A

morte de Amadeo Pereira deixou a Baltasar de Oliveira como único defensor da idea protozoica de deus e como único propietario da edición completa do seu tratado. Como testamenteiro, De Oliveira quixo continuar o labor teoloxal de Pereira, por unha banda tentando colocar os volumes que ocupaban unha boa parte do espacio da súa adega. Por outra, pedía a palabra en tódolos foros nos que lle era dado falar para explicar que na súa dialéctica non había nada agresivo contra deus nin contra os seus discípulos. A fama de fracasado precedía cada unha das intervencións, tanto como a noticia de que non conseguira, na súa mocidade, entrar a formar parte da orde de san agostiño. Con esa cruz foi cargado por autoridades eclesiais e veciños seculares ata o punto de lle negar os santos sacramentos e a participación nas festas. Mentres os libros de Pereira podrecían comestos da humidade, De Oliveira caía no

ridículo da persistencia de acudir cada mañá ó bispado para conseguir licencia de publicación dunha apostila na que, lonxe de corrixir o seu compañeiro, afondaba na importancia do carácter unicelular de deus para comprender a súa ubicuidade. Non perdeu a razón porque non a tiña, pero foi dado a desvarío polo mundo. Por eso estrañou tanto que unha tarde o seu cadáver aparecese boca abaixo na adega, rodeado das cinzas dos libros e cunha cruz latina gravada a navalla no lombo espido.

Esta é unha proposta feita por Henrique Agustín
agostinho@mixmail.com
a partir das palabras "fracasado" e "Baltasar".

49

Na beira do mar

escoura
cibersexo

N

o mesmo intre que o sol madrugaba pola fiestra, desconectaba o aparello. Tiña os ollos cansos e a frustración do cazador vencido pola peza. Todo a noite mareando, pousando os ollos nas máis atractivas ofertas da moderna ciencia de masturbarse, para non atopar o rostro definitivo, o sorriso exacto. Recapitulou a singradura e por un momento houbo brillo na mirada. Pensou que a atopara no medio dunha historia titulada HenriqueSexo e na que se prometía todo afeitado e peitos naturais (os implantes agora xa non excitan a ninguén, polo visto). Pero non era ela. O resto da noite fora outra boa colección de escoura sobre orientais, color, lésbico, poña o pseudónimo (pelotari) e pídale en vivo e en directo a postura máis desexada. A xente pide sempre o mesmo. Aburrido era, pero nunca deixaba de buscar. Os tempos foxen, a esperanza permanece. Outra noite, outra busca. Busca, buscador. As máis

fermosas. Poña o pseudónimo (pelotari). Aprece a mellor oferta de cibersexo. E veña entrar e veña saír porque ningunha delas tiña o punto xusto da mirada, nin os labres xenerosos. Busca, buscador. Entra, entra, [entra aquí](#) que todo o que cae na rede é cona. Entra e lentamente aparece a imaxe da muller ideal: sorrí coa malicia exacta. Está aí, tan preto, tan lonxe. Ela aí. El aquí, na beira do mar. No medio, un océano de cables.

Esta é unha proposta feita por Espantallo
somoza@atlas.uvigo.es
a partir das palabras "escoura" e "cibersexo".

50

Desperta do teu sono

polbo
polvo

Despertou do sono asulagado de suor, padecía pesadelos nos que o mundo era un mercado suburbano sen estratexia. O mesmo se vendían mapoulas que xardas. O mesmo touciño criónico que miñocas. Había lugar para os cueiros, o millo, zamburiñas, as sandías, para o percebe e mesmo para o xoio. Un lugar para o insecticida e outro para os slips. Había outro lugar, como no triforio dunha igrexa, para o pan e o chourizo e con el o eco infantil do axóuxere: todos os vendedores eran de debuxos animados. Non compraba, sentíase francotirador sen munición. Botaba aman por tomar a mercancía, pero o párkinson era unha cancela insuperable. Acordou nun soño de novo milenio. Levaba unha mochila e de cada balcón penduraba, coma un morcego, un adobío diferente. Ía pasar o papa. Un cartel anunciaba festa do polbo no monte do gozo. Había *polvo*. Inmensas labaredas da multitude en retorno

dunha emigración espiritual con algo fúnebre. Na procesión pasaban tristemente vestidos o rei garcía, un conselleiro, franco, swarchzanegger, bakunin, un fascista con pulseira a xogo coa camisa azul, un transexual, un cantautor con mensaxe, unha sabina recién saída do zulo. Suponse que deus estaba mesmo no máis pequeno dos protozoos. Presencia virtual. Seguía o refugallo da historia con morgana sostendo a pancarta: manteñamos o fogo do horizonte. Si á monarquía. Ía calor, pero ninguén culpou o ozono. A neurose calou en Joaquín, un personaxe de cómic que, perdido nos seus *sabañóns*, sofre unha autoconmoción e anuncia a apoteose da solidariedade. Na paixón do lusco fusco viu chegar a baltasar, que levaba ouro, incenso e mirra por todos. Despertou noutro soño. Ferrol. Nadal. Un bar no peirao das palmeiras. El só quería amor, amor e máis nada. Todos os ollos na televisión: rivaldo canea a toda velocidade facendo vieiros pola banda. Entra unha puta de debuxos animados cun disquete na man, pídelle permiso para sentar e queda en repouso. El só quería amor, ela ofrécelle cibersexo. Nunca gustou do aluguer e non conseguiu adiviñar que tipo de cona tería. Fracasado, outra volta, éntralle a cagarría e foxe por entre a xente como un golfiño polo mar. Volveu despertar nun burato negro da memoria. Pasaran, quizais, 50 días e 50 noites, e de cada acontecemento semellaba agora unha choupada na auga. A circunstancia era toda de debuxos animados. Había un oso que cada minuto pronunciaba ipso facto e había un león andróxino que contaba sempre o mesmo conto sobre unha veleidade da lúa. De alborada, por entre a escoura da barronca, aparecía un porquiño que dicía: esto é, esto é, esto é todo amigos.

Esta é unha proposta feita por Vitoria Sabugueiro Rei
vsr@redestb.es
a partir das palabras "polbo" e "polvo".

Por conto alleo

CAMILO FRANCO



Os relatos deste libro son o resultado da colaboración entre o escritor Camilo Franco e Vieiros, que se mantivo diariamente ao longo de tres meses e que agora, no 17 de maio de 2000, presentamos a xeito de publicación electrónica.

O autor e o editor esperan que outros sigan este exemplo e que cada día se ga en novos espazos para a creación e para o noso idioma.

